

VI. ANUNCIOS**C) OUTROS ANUNCIOS****REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES DE NOSA SEÑORA DO ROSARIO**

ANUNCIO de provisión dunha vacante de académico de número da Sección de Escultura.

A Real Academia Galega de Belas Artes anuncia a provisión dunha vacante de académico de número na Sección de Escultura. Para ocupar esta praza será elixida unha persoa residente en Galicia que dea a coñecer os seus méritos artísticos, científicos e culturais.

As persoas que polas súas actividades a prol da arte se consideren en posesión das condicións exixidas para aspirar a esta praza, deberán acreditar os seus méritos mediante presentación do seu respectivo curriculum vitae, e terán que ser propostas, cada unha delas, por tres académicos de número, dentro do prazo de trinta días naturais a partir da publicación deste anuncio.

Domicilio da Real Academia Galega de Belas Artes: praza Pintor Álvarez de Sotomayor, 1. 15001 A Coruña.

A Coruña, 8 de xaneiro de 2018

Manuel Quintana Martelo
Presidente

